



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Sociolingüística		Código	652G04044
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega, e aplicación ao ámbito profesional da logopedia.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non haberá mudanzas.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle).</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis. Mecanismos de atención dispoñíveis a petición do alumnado: Vídeo-tutorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliação Manteranse o mesmo sistema de avaliação, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes.</p> <p>*Observacións de avaliação: Ningunha actividade avaliábel terá carácter obligatorio. Os traballos entregados fóra do prazo establecido non serán penalizados por este motivo. Elimínase o requisito de cualificación mínima nas actividades avaliábeis para poder superar a materia.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non haberá mudanzas. Todos os materiais bibliográficos imprescindíveis estarán dispoñíveis no Moodle da materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Coñecer e aplicar os fundamentos lingüísticos da Logopedia.		A3
Coñecer técnicas de comunicación.		A20



Aprender autonomamente e aprender a aprender.	B5	
Procurar a calidade na actividade profesional.	B10	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.	B11	
Saber expresarse en público	B17	
Expresarse correctamente en galego, tanto de forma oral como escrita.	C1	
Desenvolver o espírito crítico e comprometerse coas realidades lingüísticas dominadas.	C4	
Valorar a importancia que ten a investigación e a innovación no avance cultural da sociedade.	C8	

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Concepto de Sociolingüística. A sociolingüística sobre o galego.	1.1. Linguaxe, cultura e pensamento. 1.2. Historia da reflexión sociolingüística sobre o galego.
2. Marco teórico e conceptos chave.	2.2. Monolingüismo, bilingüismo, plurilingüismo. 2.3. Diglosia e conflito lingüístico. Os procesos de substitución lingüística. 2.4. Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego.
3. Planificación e dinamización lingüística.	3.1. A planificación como proceso. 3.2. A planificación do corpus. 3.3. A planificación do status.
4. Lingua, poder e comunicación.	4.1. As linguas como poder. 4.2. Construíndonos na lingua.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	B5 C4 C8	2	6	8
Presentación oral	A3 A20 B10 B17 C1	4	24	28
Estudo de casos	A3 A20 B5 B10 C1 C4	4	24	28
Discusión dirixida	A3 B17 C1 C4	4	32	36
Sesión maxistral	A3 A20 B5 B10 B11 B17 C1 C4	8	0	8
Actividades iniciais	C1 C4	2.5	0	2.5
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Lectura crítica de textos relacionados coa materia obxecto de estudo e realización de traballos e actividades de diferentes tipo a partir deles.
Presentación oral	Exposición na aula dun dos aspectos do temario, fundamentada en lecturas previas e nunha preparación coordinada coa persoa docente.
Estudo de casos	Solución a casos simulados relacionados coas exposicións das sesións maxistrais e integrados na pescuda de innovacións que procuren a saída aos conflitos.
Discusión dirixida	Debate sobre temas de actualidade relacionados coa materia con exposicións razoadas e argumentadas, que poderán ser realizados nas sesións presenciais e/ou a través dos foros do Moodle.
Sesión maxistral	Presentación dos conceptos fundamentais para comprender a materia e deseño de guías orientativas para unha aprendizaxe autónoma.
Actividades iniciais	Coñecemento, a través dunha enquisa anónima, do nivel de coñecementos e do grao de espírito crítico do alumnado.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Presentación oral	O alumnado terá que realizar as lecturas propostas como obligatorias e as actividades vinculadas a elas. Cada estudiante exporá na aula un dos aspectos que integran o temario, nunha actividade que será previamente orientada e supervisada polo docente.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Lecturas	B5 C4 C8	Para cada lectura obligatoria será proposta a realización dunha actividade asociada (recensión, traballo breve, preparación de debate, entre outras), na cal será valorada especialmente a reflexión crítica sobre os contidos e sobre a aprendizaxe persoal.	30
Presentación oral	A3 A20 B10 B17 C1	Cada estudiante realizará unha exposición na aula sobre un aspecto do programa previamente acordado coa persoa docente, que apoiará e supervisará a o proceso de preparación. Para além da clareza expositiva e da reflexión crítica, será valorada a calidade lingüística e a adecuación ao contexto comunicativo.	35
Estudo de casos	A3 A20 B5 B10 C1 C4	Tras as explicacións da persoa docente presentaranse problemas para seren solucionados, quer oralmente quer por escrito, razonando as respuestas xustificadamente e con criterios rigorosos.	25
Discusión dirixida	A3 B17 C1 C4	En sesións presenciais concretas ou ben a través dos foros de Moodle, serán propostas cuestións para a discusión colectiva e colaborativa. Será avaliada a pertinencia das intervencións, a calidade dos razonamentos e dos criterios de análise usados, así como a relación cos contidos das sesións maxistrais, das lecturas ou dos estudios de caso.	10

## Observacións avaliación

As actividades sobre as lecturas e a presentación oral teñen carácter obligatorio. Considerarase non presentado quem non entregar ou non realizar a presentación oral. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de calquera actividade que for entregada fóra de prazo sen causa xustificada.

Na segunda convocatoria (xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliação da primeira convocatoria. Os/as estudiantes que non tivesen superado a materia terán que entregar os traballos que non foron entregados na convocatoria anterior ou que non obtivesen unha cualificación do 40% da nota máxima de cada traballo. O prazo de entrega dos traballos concluirá na data oficial do exame da materia establecida pola facultade.

O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica será avaliado da seguinte maneira: lecturas (40%) e traballo tutelado (60%). O traballo tutelado versará sobre os mesmos temas e terá unha estrutura análoga á da presentación oral do sistema de avaliação da primeira convocatoria.

O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro será avaliado co mesmo sistema previsto para o estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- BASTARDAS I BOADA, A. (1996). "Política y planificación lingüísticas". Martín Vide, C. (ed.), Elementos de lingüística, 341-360. Barcelona: Octaedro</li><li>- GARCIA NEGRO, M. P (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Vilaboa, Po: O Cumio</li><li>- IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2002). Falar galego: "no veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais</li><li>- GARCÍA NEGRO, M. P. (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Bríon: Laiemento</li><li>- FREIXEIRO MATO, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago: Laiemento</li><li>- LORENZO SUÁREZ, A. (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego"; Cadernos de Lingua, 27: 37-59.</li><li>- NÚÑEZ SINGALA, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega . Vigo: Galaxia</li><li>- REAL ACADEMIA GALEGA (2016). Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013. A Coruña: Real Academia Galega</li><li>- SANMARTÍN REI, G. (2010). Lingua e futuro. Ames: Laiemento</li><li>- VV.AA (2002). O proceso de normalización do galego. 1980-2000. Volumes I, II e III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.</li></ul> <p>INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2014). Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego. Anos 2003, 2008 e 2013, <a href="http://www.ige.eu/enquisas">www.ige.eu/enquisas</a></p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- CONSTENLA BERGUEIRO, G. (1997). Ensaio sociolingüístico. Antoloxía. Vol. 44 da Historia da Literatura Galega . Vigo: A Nosa Terra</li><li>- FAGIM, V. (2015). O galego (im)possível. Ainda mais. Compostela: Através Editora</li><li>- GARCÍA NEGRO, M. P. (1993). Sempre en galego . Santiago: Laiemento</li><li>- GARCÍA NEGRO, M.P. (2009). Sobre o racismo lingüístico. Ames: Laiemento</li><li>- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (1991). Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia. Santiago: Laiemento</li><li>- SÁNCHEZ VIDAL, P. (2010). O debate normativo da lingua galega (1980-2000). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza</li><li>- VILLARES NAVIERA, L. (2010). Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo. Ames: Laiemento</li></ul>

## Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías